

INVOCACIÓN DOS PROFESIONAIS DA COMUNICACIÓN AO APÓSTOLO SANTIAGO

(Catedral de Santiago - 17 de xuño de 2016 – 12:00 horas) - Oferente: **Xosé Luís Barreiro Rivas**

Señor Santiago:

Acollidos na casa de Deus, á que ti nos invitaches, pedimos a túa bendición.

Non é necesario lembrarche que, igual que facemos entre nós, nas contornas laborais e sociais, temos o costume de substituír o teu nome persoal polo teu oficio, e, en vez de invocarte como Santiago, fillo do Zebedeo, adoitamos dirixirnos a ti como “o Apóstolo”, que en grego significou “enviado”, e que en latín e nas linguas romances veu a significar “transmisor de boas novas”, ou persoa escollida por Xesús –a quen tamén lle chamaron “o fillo do carpinteiro”- para levar a súa verdade e esperanza a tódalas xentes.

Fiel a Cristo, e primeiro mártir entre os escollidos, tamén fuches o único que cumpriu ao pe da letra o mandato de vir ata Fisterra, onde agora acougas, para dar testemuña de Cristo e para protexer a igrexa que fundaches ata a fin dos tempos. Por iso nos sentimos cerca de ti. Porque, como difusor de novas que fuches, considerámoste colega, e porque, como mártir da verdade, comprometido coa mensaxe do amor e da esperanza, témoste por paradigma e protector do noso complexo oficio, no que coincidimos xornalistas, comentaristas, locutores, analistas, fotógrafos, cámaras e técnicos.

A grande diferenza entre ti e nós –alén da gloria que xa mereciches- é que, mentres a nós se nos vai a pluma cara o anuncio das catástrofes e miserias do mundo, e só reservamos pequenos espazos para a proclamación da bondade e a esperanza, ti soubeches enxergar e transmitir unha mensaxe positiva –que iso quere dicir “evanxélica”- que se renova por si mesma, e que, a pesar de ser composta dous milenios atrás, segue enchendo de lectores, oíntes e espectadores esta Santa Catedral, que para nós ven a ser como un excelso e fermoso quiosco dende o que se espalla a diario a mensaxe de Deus.

A túa nova, que naceu da Redención, tiña como antecedente a perda do Paraíso e a introdución do pecado no mundo. Pero lonxe de converter esas lacras no centro da túa crónica, ensináchesnos a coñecer e traballar as virtudes da Salvación. Onde había culpa puxeches misericordia e perdón. Onde reinaba o egoísmo falaches de caridade e amor. Onde aniñaban as tebras da falsidade

asentaches a verdade comprometida e creadora. E onde había preguiza, luxuria e envexa animáchesnos a ser dilixentes e solidarios. E deste xeito convertiches a crónica da dor -a que nos obrigou a gañar o pan co suor da fronte- nun evanxeo de salvación, ou na desexada noticia de que o amor é máis forte que o mal.

Andando o tempo, e feitos tantos progresos, o oficio dos mensaxeiros e dos que dan testemuña da verdade fíxose imprescindible, tamén, para a vida corrente. E por iso temos hoxe unha grandes responsabilidade profesional e moral coa verdade, coa liberación dos probes e aflixidos, coa debilidade dos nenos e a discriminación das mulleres, coa recta distribución do pan e do traballo, e coa xestión da paz e da liberdade para as que fomos criados.

Tamén somos conscientes de que con tanta responsabilidade –á que todos lle chaman poder- chegaron as tentacións de exercer este oficio a beneficio das nosas empresas, dende a cómoda distancia que deixa durmir a conciencia, ou ao pairo da seguridade e o benestar que ofrecen as sociedades desenvolvidas.

Por iso entenderás que, conscientes da nosa responsabilidade co século, non veñamos á túa sepultura para pedirche que asumas as tarefas que deixamos sen facer os gobernantes, os científicos, os traballadores e periodistas, ou que te poñas a arranxar o mundo por nós. Só che pedimos que o teu exemplo de servizo ao ben é a verdade nos siga iluminando, e que nos ensines o segredo de como transmitir novas que non caduquen, que falen máis da virtude que do pecado, e que deixen tras de si acougo e esperanza.

Tamén che pedimos azos para asumir con valentía, responsabilidades e honradez a parte da historia que temos que escribir. E por iso vimos a esta Santa Catedral a ofrendarche a nosa fidelidade. Porque somos conscientes de que a fe que nos trouxeches xa fica enraizada na tradición dos nosos país, na cultura que temos creado á súa sombra, e na liberdade persoal e social que, asentada nas fortes conviccións democráticas, nos permite gañar méritos terreaus e espirituais mediante o esforzo e compromiso persoal.

Para iso vimos rezar, santo patrón das Igrexas de Galicia e de España, a carón do teu sepulcro. Para que poñas a nosas intencións e debilidades diante de Deus, e para que a súa Providencia se faga presente, a nós e a tódalas patrias do mundo, neste Ano Santo da Misericordia. Amén.